

Bases da tramitación e concesión, polo Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde), organismo autónomo da Deputación de Ourense, mediante convocatoria pública, a través do procedemento de concorrència competitiva, de subvencións para a financiación de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais profesionais e de microempresas agroalimentarias para a realización de inversións en infraestruturas, instalacións e equipamentos destinados á posta en marcha de experiencias turísticas, ligadas so agroturismo, nas súas instalacións e explotacións, durante o ano 2026, e a súa convocatoria.

Primeira. Obxecto.

1. A subvención obxecto da convocatoria esta encadrada na liña D.6, Fomento do desenvolvemento económico da provincia, do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do Inorde para o período 2024-2027. O obxecto da subvención é congruente coas finalidades estratéxicas da citada liña D.6, que establece como **áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas**, o sector empresarial da provincia de Ourense en xeral e, en particular, el que ten por obxecto a produción, promoción e distribución de produtos propios da provincia non susceptibles de deslocalización, sectores aos que pertencen os beneficiarios da subvención. Tales finalidades son congruentes cos obxectivos do Inorde, establecidos no artigo 3 dos seus estatutos, de estimular a adaptación das empresas ourensás as esixencias do mercado e potenciar a súa modernización, promover a adaptación ao mercado das explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e de impulsar o potencial turístico da Provincia.

2. O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde), organismo autónomo da Deputación de Ourense, mediante convocatoria pública, a través do procedemento de concorrència competitiva, de subvencións para o financiamento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais profesionais e de microempresas agroalimentarias para a realización de inversións en infraestruturas, instalacións e equipamentos destinados á posta en marcha de experiencias turísticas, ligadas so agroturismo, nas súas instalacións e explotacións, durante o ano 2026.

3. Para os efectos de esta convocatoria, se consideran como inversións en infraestruturas, instalacións e equipamentos, as realizadas nas explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais profesionais e nas instalacións de microempresas agroalimentarias, orientadas ao agroturismo, destinadas á adecuación das instalacións á recepción de visitantes e á mellora para a realización das experiencias agroturísticas na explotación ou nas instalacións da microempresa, tales como a dotación de vestiarios para colocarse vestimentas ou traxes necesarios para as visitas, a dotación de aseos, a sinalización, a mellora ou creación de accesos, a incorporación de medidas de accesibilidade para persoas con mobilidade reducida ou calquera outro tipo de discapacidade, a dotación de áreas de recepción de visitantes ou de presentación de mostras ou degustación de produtos, así como a adquisición del mobiliario e os equipamentos necesarios para dotar eses espazos e dar continuidade a esas experiencias.

4. Cada entidade interesada presentará un único proxecto relativo a unha acción ou a un conxunto de accións. Non se admitirá a presentación de máis dun proxecto por interesado, non admitíndose a trámite ningunha das solicitudes presentadas por a entidade que infrinxa o establecido nesta base.

5. En todo caso, só poderán ser obxecto de subvención os proxectos cuxo orzamento sexa, como mínimo, de tres mil (3.000,00) euros. Non se admitirán a trámite as solicitudes referidas a proxectos de importe inferior.

6. O importe total do proxecto non poderá ser superior a seis mil douscentos cincuenta (6.250,00) euros.

Segunda. Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das subvenciones concedidas ao amparo de esta convocatoria os titulares de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais profesionais e de microempresas agroalimentarias da provincia de Ourense que teñan o vaian a desenvolver experiencias agroturísticas na súa instalación ou explotación.

2. Se considera microempresa á empresa que ocupa a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros, de conformidade coas definicións de PEME do artigo 2.3 do Anexo I do

Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, del 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

3. Non poderán ser beneficiarios de estas subvencións as explotacións ou microempresas que:

a. Superen o límite de axudas de minimis establecidos nos Regulamentos (UE) 2023/2832 e 2023/2832, da Comisión, de 13 de decembro de 2023, relativos á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.

b. No momento de formular a proposta de resolución da subvención non estean ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e con a Seguridade Social.

c. Que estean suxeitas a unha orde de recuperación de axudas como consecuencia de unha orde previa da Comisión Europea que as declare ilegais ou incompatibles co mercado común.

Terceira. Dispoñibilidades orzamentarias.

O financiamento das subvencións reguladas na presente convocatoria realizarase con cargo á aplicación 42211/77002, subvenciones microempresas e explotacións agrícolas e gandeiras, dos orzamentos do Inorde para o exercicio 2026. A contía total máxima de subvencións susceptibles de concesión ao abeiro desta convocatoria é de cincuenta mil (50.000,00) euros.

Cuarta. Contía máxima das subvencións.

1. A contía das subvencións obxecto desta convocatoria consistirá nunha porcentaxe do orzamento dos proxectos seleccionados, podendo acadar, como máximo, o 80% do custo total de cada proxecto, de tal maneira que ningún beneficiario poderá obter, ao abeiro desta convocatoria, subvencións por importe superior a cinco mil euros (5.000,00 €).

Quinta. Solicitudes: lugar, prazo de presentación e documentación.

1. As solicitudes, subscritas polo representante legal da entidade interesada, dirixidas á Presidencia do Inorde, se presentarán de forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación de Ourense, (<https://sede.depourense.es/>), dirixidas o Inorde, a través do catálogo de trámites do rexistro electrónico, no que se utilizará o trámite denominado “solicitud de propósito xeral”. Da mesma maneira se realizará calquera outro trámite ulterior no expediente, incluída a presentación, no seu día, da documentación xustificativa da subvención.

2. O prazo improrrogable de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde a publicación da convocatoria e do extracto da mesma no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Se entenderá como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se nese mes de vencemento no houbera día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, se entenderá que o prazo expira o último día do mes. Cando o último día do prazo sexa inhábil, se entenderá prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Non se admitirá ningunha solicitude presentada no rexistro sinalado no parágrafo anterior, nunha data posterior á terminación do prazo.

3. As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

a) Documentación administrativa:

i) Solicitude dirixida á Presidencia do Inorde no modelo oficial, recollido no Anexo I destas bases.

ii) Certificado do acordo de aprobación, polo correspondente órgano competente da entidade da solicitude de subvención para o proxecto que se presente.

iii) Copia da acta de constitución da entidade, estatutos vixentes e inscrición no rexistro correspondente.

iv) Certificado de alta nos rexistros correspondentes da explotación agrícola, gandeira ou forestal profesional ou da industria agroalimentaria.

v) Copia do NIF da entidade.

vi) Copia do DNI do/a representante da entidade.

vii) Poder co que actúe o/a representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme os estatutos, en razón do seu cargo na entidade.

viii) Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso a entidade solicitante nas prohibicións recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei

Xeral de Subvencións, nin o/a seu/súa representante nos supostos de incompatibilidade establecidos no artigo 13.2.d da Lei xeral de subvencións, no modelo recollido no anexo II destas bases.

ix) Certificados de que a entidade se topa ao día nas súas obrigas tributarias, coa Facenda Estatal e Autonómica de Galicia, e coa Seguridade Social.

x) Certificado da conta aberta en entidade financeira na que se deberá aboar a subvención, en caso de concederse.

xi) Declaración da entidade solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións públicas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, así como as aportacións de entidades privadas, no modelo recollido no anexo III destas bases.

xii) Declaración de que a entidade solicitante non supera o límite de axudas de minimis.

xiii) Autorización para recibir a través do correo electrónico a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

b) Documentación para a valoración das solicitudes:

i) Unha memoria descritiva do proxecto, debidamente asinado por o/a representante legal da entidade, na que se expoñan a acción ou accións que comprende, con unha extensión de hasta dez páxinas, incluídas fotografías, que conteña os seguintes apartados:

- Descrición das actividades que a integran.
- Obxectivos que se pretenden acadar coa actuación.
- Descrición da experiencia turística que se crea, mantén ou mellora.
- Prazo ou data de inicio da actividade á que se refire o proxecto.

ii) Orzamento individualizado e detallado da actuación a realizar, no que se indicará o importe e porcentaxe de autofinanciamento.

4. Advírtese, expresamente, que non serán obxecto de valoración, denegándose a concesión da subvención, aquelas solicitudes nas que non se acheguen a memoria descritiva co contido definido no apartado i) e o orzamento do apartado ii), ambos do apartado b) do parágrafo 3 anterior. Procederase de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.

Sexta. Gastos subvencionables.

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, forman parte da actuación obxecto desta convocatoria desta convocatoria, non se haxan iniciado antes do 1 de xaneiro de 2026 e sexan realizados antes da data de xustificación da subvención, e, en todo caso, antes da data de finalización do prazo de xustificación establecido no parágrafo 1 da base decimo terceira ou, no seu caso, da data determinada na resolución de concesión da súa eventual prórroga.

2. En todo caso, non terán o carácter de gastos subvencionables os seguintes:

- a) Gastos de mantemento e de xestión das explotacións ou das microempresas, e das súas instalacións.
- b) Gastos de persoal.
- c) Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais ou societarios sobre a renda.
- d) Os xuros, recargas e sancións administrativas e xudiciais.
- e) Xuros debedores de contas bancarias.
- f) Os gastos de procedementos xudiciais.

Sétima. Procedemento de concesión.

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. Corresponderalle á Presidencia do Inorde, por delegación da Comisión Executiva, ó abeiro do establecido no artigo 12.2.l) dos Estatutos do Inorde, en relación co 11.f) dos ditos Estatutos, ditar os actos de trámite e impulso do procedemento, a resolución do concurso, concedendo ou denegando as subvencións solicitadas, a

tramitación e resolución do procedemento de xustificación das subvencións e o exercicio das facultades de reintegro e perda do dereito ao cobro das subvencións, dándolle conta á Comisión Executiva na primeira sesión que celebre.

3. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiranse aos servizos do Inorde, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

4. Examinada a documentación, a Presidencia do Inorde concederá, no seu caso, un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais das que adoeza a documentación administrativa presentada, o que se notificará electrónicamente a entidade interesada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

5. Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e instruído o expediente polos servizos do Inorde, estes emitirán informe con proposta de admisión e non admisión de solicitudes e remitiranlle o expediente á comisión de valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto aos proxectos para os que non se achegase de modo completo no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto de proxectos, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

6. A proposta provisional de resolución se notificará electrónicamente as entidades solicitantes e se publicará na páxina web do Inorde, <http://www.inorde.com>, concedéndose prazo de audiencia os interesados, por prazo de dez días hábiles, contados dende a última data sexa a de notificación ou da publicación. Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola comisión de valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto nas bases decima e decimo primeira.

Octava. Comisión de Valoración.

1. A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o Presidente do Inorde.
- Vogais:
 - * Vicepresidente primeiro/a do Inorde.
 - * Secretario/a do Inorde ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
 - * Interventor/a do Inorde ou funcionario/a que legalmente a substitúa.
 - * Xerente do Inorde.

2. Actuará como secretario/a da comisión o secretario/a do Inorde ou funcionario/a que legalmente o substitúa, coas funcións propias dun/dunha secretario/a de actas, sen prexuízo da súa condición de vogal.

3. Sé é o caso, a Presidencia poderá nomear técnico/as e experto/as de recoñecida competencia na materia obxecto da subvención que actuarán como asesores da comisión.

Novena. Criterios para a concesión de subvencións.

1. Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a comisión de valoración terá en conta:

a) O orzamento da actuación, valorándose ata un máximo de corenta (40) puntos, asignándoselle a maior puntuación o proxecto con maior orzamento, e valorándose o resto de maneira proporcional.

b) Que a explotación ou a microempresa este situada nun concello con unha poboación inferior a dous mil (2.000) habitantes, valorándose con cinco (5) puntos.

c) Que la explotación ou microempresa dispoña dun certificado de calidade turística ou este distinguida no Sicted, valorándose con cinco (5) puntos.

2. A comisión de valoración, en atención ao número de proxectos solicitados, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións. Dita puntuación mínima será, como máximo, de 20 puntos. No seu caso, os proxectos que obteñan unha puntuación inferior á mínima establecida pola comisión de valoración se incluírán na lista de reserva prevista no parágrafo 5 da base décima.

3. Con independencia da súa valoración, en ningún caso se lle concederá a un proxecto unha subvención superior a da contía pedida na solicitude.

4. En todo caso, se aplicará a regra establecida na base cuarta, así como os límites de financiación previstos na base decimo sexta, para a asignación da contía das subvencións.

Decima. Resolución.

1. A proposta da comisión de valoración elevarase á Presidencia do Inorde para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de tres meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. O vencemento do prazo máximo sen haberse notificado a resolución terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

2. A resolución axustarase á proposta da comisión de valoración, agás naquel suposto en que a Presidencia do Inorde considere que a proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. No caso de non o facer así, a Presidencia resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

3. Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida.

4. O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei Xeral de Subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

5. No suposto de que existisen proxectos de actividades que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que

obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Presidencia, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Decimo primeira. Publicación do acordo de concesión.

A resolución do procedemento se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, desde cuxa data se computarán os prazos para o exercicio dos recursos administrativos e accións xudiciais que correspondan. Dita resolución tamén será publicada na páxina web do Inorde, <http://www.inorde.com>, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, e será obxecto de comunicación electrónica individualizada os interesados.

Decimo segunda. Requisitos de comunicación e visibilidade da subvención por parte do beneficiario.

1. O beneficiario da subvención ten a obriga xeral de recoñecer o orixe e garantir a visibilidade da financiación de carácter público recibida do Inorde, polo que deberá adoptar medidas de comunicación y visibilidade da subvención concedida debendo realizar as seguintes medidas de difusión:

a) Unha placa ou cartel no lugar das obras e instalacións subvencionadas con a imaxe institucional de Deputación/Inorde e unha lenda alusiva ao feito de que estas están subvencionadas polo Inorde/Diputación.

b) A inclusión da imaxe institucional de Deputación/Inorde ou unha lenda alusiva ao feito de que as obras e instalacións para a actividade están subvencionada polo Inorde/Deputación nos materiais impresos, como carteis, entradas, prospectos, boletos ou outros, e no material audiovisual que se realice da actividade.

c) Na páxina web e nas contas do beneficiario nas redes sociais.

d) As actividades de comunicación do beneficiario relacionadas coa acción ou accións subvencionadas.

2. No caso de incumprimento desta obriga, o Inorde poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de

subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Decimo terceira. Xustificación da subvención.

1. O prazo para a xustificación da subvención rematará o día 30 de novembro de 2026. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 30 de novembro de 2026. En ningún caso a prórroga que se conceda poderá ser para unha data posterior o 15 de decembro de 2026.

2. A competencia para declarar xustificada ou non a subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito a subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, correspóndelle a Presidencia do Inorde.

3. A subvención xustificárase ante o Inorde, mediante a presentación, na forma establecida no apartado 1 da base quinta, da conta xustificativa, de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei Xeral de Subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita Lei, conformada polo/a representante legal da beneficiaria, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das accións realizadas e dos resultados obtidos.

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión.

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade.

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indícaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) Certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

E) Facturas xustificativas dos gastos. Exceptúanse do anterior aqueles gastos respecto os cales non exista obriga legal de facturar, ou ben non sexa posible a emisión de factura debido á natureza do gasto subvencionable. Nestes supostos consideraranse como documentos de valor probatorio os seguintes:

- No caso de gastos de persoal, as nóminas, acompañadas dos documentos de cotización ante a Seguridade Social e o pagamento correspondente ao recibo de liquidación de cotizacións (antigo TC1), e os modelo 111 de retencións e ingresos a conta de IRPF e o seu pagamento, e/ou o modelo 190 de retencións e ingresos a conta do IRPF (resumo anual), correspondentes ao período obxecto de subvención. Non se entenderán xustificadas os gastos de persoal que non veñan acompañados de tódolos documentos relacionados anteriormente.

- No resto de supostos, admitirase como documento acreditativo do gasto un recibo asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) e, no seu caso, o modelo 111 de retencións e ingresos a conta do IRPF e o seu pagamento, e/ou o modelo 190 de retención e ingresos a conta do IRPF (resumo anual), en relación cos importes retidos polo dito concepto.

En todo caso, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Se excluírá totalmente da xustificación, aqueles documentos de gasto que sendo obrigatorio a aplicación de retención, esta non conste.

En todos os casos e de conformidade co artigo 31.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no suposto de que o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público (LCSP) para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención. En consecuencia,

deberán achegar a correspondente documentación que acredite o cumprimento deste extremo.

De conformidade co establecido no artigo 31.8 da Lei xeral de subvencións, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso, se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. En consecuencia, e para os efectos de considerar como gasto subvencionable o IVE dos documentos de gastos presentados para xustificar a subvención concedida, o beneficiario deberá cubrir o anexo IV e achegar a documentación que proceda.

F) Acreditación fidedigna do pagamento dos gastos.

G) Certificación do IBAN da conta expedida pola entidade financeira correspondente, se fose distinta da aportada coa solicitude.

H) Acreditación das medidas de comunicación, visibilidade e difusión da subvención concedida, adoptadas nos termos establecidos na base decimo segunda, mediante a presentación, no seu caso, de copia do material impreso e do publicado en medios de comunicación social escritos, podcats ou audios de comunicacións radiofónicas, vídeos de comunicacións audiovisuais, fotografías das actividades realizadas e do material gráfico exposto, pantallazos de súa páxina web e redes sociais que reflexen a súa inclusión nos mesmos, así como la indicación da dirección de dicha páxina web e do nome da conta, para a súa comprobación.

4. Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención ou, no seu caso, da data determinada na resolución de concesión da súa eventual prórroga.

5. No exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

6. No suposto que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falla total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda total ou parcial, segundo corresponda. No suposto de procedementos de perda parcial do dereito a subvención, estes se tramitarán de maneira acumulada co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

7. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a execución do proxecto subvencionado, a conta xustificativa presentada deberá acreditar a súa realización completa, independentemente que o importe da subvención concedida sexa inferior ó orzamento total do proxecto. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención e, no seu caso, o reintegro da subvención percibida:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención e, en todo caso, cando o importe xustificable sexa inferior a tres mil (3.000,00) euros.

8. Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

9. Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente e, no seu caso, o reintegro ó resto.

10. En todo caso, cando a contía do gasto xustificable sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase

automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

11. De advertirse deficiencias de carácter emendable na conta xustificativa, a Presidencia do Inorde concederá un prazo de dez (10) días hábiles para a súa emenda, o que se notificará electrónicamente á entidade interesada.

12. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia do Inorde se declarará xustificada a subvención, o que se notificará a entidade interesada, con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago.

13. Sen prexuízo do anterior, e adicionalmente ao control financeiro simplificado previsto no apartado 5 desta base, a Intervención do Inorde poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

Decimo cuarta. Pago da subvención.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario, unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite a Resolución da Presidencia pola que se teña por xustificada a subvención.

Decimo quinta. Obrigas dos beneficiarios.

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

Decimo sexta. Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas.

1. Con carácter xeral, as subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións públicas distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o Inorde, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas

privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

2. Así mesmo, estas subvencións tamén serán compatibles coas subvencións concedidas pola Deputación de Ourense sempre que se trate de procedementos de concorrencia competitiva e sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actuación subvencionada ni dos límites previstos na base carta.

Decimo sétima. Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións.

1. No caso de incumprimento do beneficiario por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de perda do dereito á subvención concedida ou, se é o caso, de reintegro. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluírá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

2. No suposto de procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención de carácter parcial, pola falla parcial da xustificación esixible advertida no trámite de xustificación da subvención, se estará ao establecido no apartado 7 da base decimo terceira.

3. O acordo polo que se inicie o procedemento de reintegro, total ou parcial, ou de perda total do dereito á subvención, no que deberán indicarse a causa que determina o seu inicio, as obrigas incumpridas e o importe da subvención afectado, se lle comunicará electrónicamente á entidade beneficiaria, concedéndolle un prazo de quince días hábiles para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, se ditara a resolución que corresponda pola Presidencia do Inorde. A resolución será notificada ao interesado requiríndoselle, no seu caso, para realizar o reintegro correspondente no prazo e na forma que establece o Regulamento Xeral de Recadación.

Decimo octava. Réxime de protección de datos achegados coa solicitude.

1. O tratamento polo Inorde dos datos persoais do solicitante achegados coa solicitude fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE

2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 8 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembre, de Protección de Datos Persoal e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixidas nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao Inorde determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico, cuxo representante legal é o seu Presidente, don Rosendo L. Fernández Fernández, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Progreso, nº 53,1º, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317930 e correo electrónico: inorde@inorde.com

b) O delegado de protección de datos, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Progreso, nº 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317500 e correo electrónico: DPO@depourense.es

c) Os datos subministrados coa solicitude se destinan unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións e á valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia e Bo Goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente nos lugares indicados as actas da comisión de valoración, o anuncio de iniciación do trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas se manterán durante un prazo mínimo de catro anos dende a

realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida a publicación de oficio polo Inorde ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que conste no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os solos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de adxudicación, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude á a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedinte (artigo 6.1.c) do regulamento UE 2016/679 e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados ao Inorde serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado do Inorde para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou aos seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- Á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense e aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos administrativos e xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos do Inorde de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia do Inorde o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso.

i) Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases.

j) Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia do Inorde.

k) De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados ao Inorde neste procedemento.

l) En todo caso, o interesado poderá formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

m) A falla de subministración ao Inorde dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección de beneficiarios dará lugar a exclusión dos interesados.

n) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Decimo novena. Normativa aplicable.

En todo o non disposto nestas bases, seralles de aplicación, á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro, o disposto nas bases de execución do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para 2026, en particular no seu título IX, Subvencións, e na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común das administracións pública.

ANEXO I

SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA PARA A FINANCIACIÓN DE EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS, GANDEIRAS OU FORESTAS PROFESIONAIS E DE MICROEMPRESAS AGROALIMENTARIAS PARA A REALIZACIÓN DE INVERSIÓN EN INFRAESTRUTURAS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DESTINADOS Á

POSTA EN MARCHA DE EXPERIENCIAS TURÍSTICAS, LIGADAS AO AGROTURISMO, NAS SÚAS INSTALACIÓNS E EXPLOTACIÓNS, DURANTE O ANO 2026

D/D. ^a		DNI/NIE
REPRESENTANTE LEGAL DA		CIF
ENDEREZO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MOBIL	
ENDEREZO ELECTRÓNICO DE AVISO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS		

E X P Ó N:

1. Que a entidade que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria das subvencións.
2. Que autoriza o Inorde para consultar, se é o caso, a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas ou das redes corporativas o CIF da entidade, o DNI do seu representante legal e as certificacións de estar o día das obrigacións tributarias e da Seguridade Social.
3. Que a entidade asume todos os compromisos e normas que rexen a convocatoria.

SOLICITA SUBVENCIÓN PARA O SEGUINTE PROXECTO:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	
ORZAMENTO DO PROXECTO	€
CONTÍA SUBVENCIÓN SOLICITADA	€

Na data e lugar da sinatura electrónica.

ANEXO II
DECLARACIÓN

Don/na _____ con DNI
_____ en representación de
_____ con CIF

DECLARO:

- Que non me atopo incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade aos que se refire o artigo 13.2 d) da Lei Xeral de Subvencións.
- Que a entidade ó que represento non se atopa incurso/a en ningunha das prohibicións contidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

Para que conste, aos efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións,

Na data e lugar da sinatura electrónica.

**ANEXO III
DECLARACIÓN**

Don/na _____ con DNI
_____ na representación da
_____ con NIF

DECLARA que presentou a/s solicitude/s e lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para os mesmos fins:

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión (1)	Contía

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicarse pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.

Non ter solicitado nin, en consecuencia, terlle sido concedida ningunha axuda para o mesmo fin, sexan públicas ou privadas.

Na data e lugar da sinatura electrónica.

ANEXO IV AUTORIZACIÓN

Don/na _____, titular
do DNI/NIE número _____ na representación da
_____ con

NIF _____

AUTORIZO

AO INORDE a realizarme as comunicacións para recibir, a través do correo electrónico, indicado na solicitude, a comunicación do aviso de inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do anuncio de trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para la xustificación da subvención outorgada, na convocatoria pública, a través do

procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para a financiación de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais profesionais e de microempresas agroalimentarias para a realización de inversións en infraestruturas, instalacións e equipamentos destinados á posta en marcha de experiencias turísticas, ligadas ao agroturismo, nas súas instalacións e explotacións, durante o ano 2026.

Na data e lugar da sinatura electrónica.